



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Advto. San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela

galicia

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 14/02/2019 10:25:52

SAÍDA 9008 / RX 220315



JUAN CARLOS RODRÍGUEZ BERNÁRDEZ  
FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DE FAMILIARES DE  
PERSONAS CON ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (FEDERACIÓN  
ALZHEIMER GALICIA - FAGAL)  
Rúa REPÚBLICA CHECHA, 52  
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)

**Asunto:** Resolución de inscripción de modificación de estatutos.

Con data 05/12/2018 recibíuse solicitude de inscripción da modificación dos estatutos, formulada por D/Dona JUAN CARLOS RODRÍGUEZ BERNÁRDEZ en nome e representación da **FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DE FAMILIARES DE PERSONAS CON ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA - FAGAL)**, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co **núm. 1998/000002-2ª**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

**Primeiro.** Xunto coa solicitude de inscripción presenta certificación do acordo adoptado pola Asemblea Xeral o 09/06/2018, así como o texto íntegro dos estatutos que substitúen aos anteriormente inscritos e que conteñen os requisitos esixidos na normativa vixente. Constan entre outros datos, os fins da asociación, o ámbito territorial de actuación correspondente a **Comunidade Autónoma de Galicia**.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

**Primeiro.** O artigo 22 da Constitución española recoñece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, recoñece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

**Segundo.** O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

**Terceiro.** En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

**Cuarto.** Esta Secretaría Xeral Técnica é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 74/2018 do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, PROPOÑO:

Inscribir os estatutos modificados da federación FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DE FAMILIARES DE PERSONAS CON ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (FAGAL) e depositar no rexistro a documentación preceptiva sinalada no feito primeiro desta resolución, para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscripción non exonera os interesados do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Vº e praxe:

O subdirector xeral de Réxime Xurídico

José Ramón Pardo Cabarcos

RESOLVO: de conformidade coa proposta que antecede  
A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja



Xacobeo 2021

# ESTATUTOS DA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN GALEGAS DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS.

## CAPÍTULO PRIMERO

### DENOMINACIÓN E NATUREZA

Artigo 1. Co nome de FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN GALEGAS DE FAMILIARES DE PERSOAS CON ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA - FAGAL) constitúese por tempo indefinido esta Federación sen ánimo de lucro que, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar e acolléndose ás disposicións legais vixentes, rexerese polos presentes estatutos e polos acordos adoptados validamente polos seus órganos de goberno, en conformidade co establecido pola lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo e as disposicións regulamentarias emanadas da Xunta de Galicia.

Artigo 2. O seu ámbito territorial correspóndese co de Galicia, polo que se poderá integrar nesta Federación calquera asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias que teña a súa sede social dentro do territorio da Comunidade e estea debidamente inscrito no rexistro asociativo.

Artigo 3. Domicilio social

3.1 O domicilio social de FAGAL está situado en Centro Cadoiro, Rúa República Checa 52, 15707, Santiago de Compostela

3.2. A Federación poderá dispoñer de locais en calquera lugar de Galicia cando así o aprobe a Xunta Directiva.

3.3 O cambio de domicilio fóra da cidade fixada nestes estatutos será competencia da Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva, e requirirá o acordo favorable das 3/5 partes dos membros asistentes ou representados á Asemblea Xeral Extraordinaria, que deberá convocarse con tal efecto.

Artigo 4. Poderán ser membros de FAGAL tódalas asociacións de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias legalmente constituídas, con dous anos de antigüidade dende a súa constitución e que sexan aceptadas pola Xunta Directiva tras a presentación da solicitude de ingreso correspondente. Esta solicitude virá acompañada dos seguintes documentos:

- a) Certificación do acordo de integración na Federación tomado en Asemblea Xeral da asociación.
- b) Copia dos estatutos visados e da súa legalización.
- c) Composición da Xunta Directiva coa declaración expresa de ser ou ter sido familiar de persoa con demencia.
- d) Número de asociados certificado polo pagamento de cotas.
- e) Memoria da asociación e das súas actividades.
- f) Declaración de aceptación dos presentes estatutos e das normas de carácter xeral establecidas pola Federación.

Artigo 5. Cada Asociación federada conserva plena independencia e personalidade para a defensa dos seus dereitos, a toma de decisións e o desenvolvemento das actividades que



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES  
ESTATUTOS VISADOS

estima convenientes, conforme aos seus propios estatutos e buscando a unidade de criterios para unha maior eficacia dos obxectivos establecidos.

Existirá separación absoluta, tanto funcional como administrativa e económica, entre a Federación e a Asociación que ostente a presidencia.

## CAPÍTULO SEGUNDO

### FINS DE FAGAL



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES  
ESTATUTOS VISADOS

Artigo 6. Esta Federación ten como fins:

- 6.1. Representar e ser portavoz do conxunto de Asociacións de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia nas cuestións que sexan competencia federada.
- 6.2. Promover o desenvolvemento e o cumprimento dos fins das asociacións integradas en FAGAL.
- 6.3. Defender os dereitos e o cumprimento dos deberes das distintas asociacións federadas, sen prexuízo da lexitimación que lles corresponde a cada unha delas.
- 6.4. Prestarlles a tódalas asociacións federadas asesoramento e axuda nos temas vinculados aos fins da asociación.
- 6.5. Promover actuacións destinadas a mellorar a situación das familias e unha mellor atención aos enfermos.
- 6.6. Reclamarlles ás autoridades e organismos públicos a creación dunha infraestrutura de apoio ás familias e unha atención continuada, integral e interdisciplinar para cos enfermos.
- 6.7. Promover a creación ou xestión de centros específicos para a atención destes enfermos.
- 6.8. Promover a realización por parte da Administración Pública do censo de enfermos de alzhéimer e outras demencias existentes en Galicia.
- 6.9. Desenvolver actividades de sensibilización social respecto da problemática que esta enfermidades provoca.
- 6.10. Desenvolver e dinamizar accións de envellecemento activo e saudable, prevención e detección precoz das demencias neurodexenerativas
- 6.11. Promover accións para atender ás familias cuidadoras de persoas cunha demencia neurodexenerativa en todos os aspectos que estas enfermidades afectan: benestar social, sanidade, dependencia, discapacidade, maiores, muller, infancia, educación, exclusión social, xustiza, seguridade e todos aqueles que se detecten no desenvolvemento do seu traballo.
- 6.12. Colaborar con outras organizacións semellantes, provinciais, autonómicas, estatais ou doutros países, que participen total ou parcialmente dos fins desta Federación, naquelas cuestións que sexan de interese mutuo.

Artigo 7. Para o cumprimento dos seus fins FAGAL poderá:

- 7.1. Exercitar toda clase de accións conforme ás disposicións legais.
- 7.2. Desenvolver actividades económicas encamiñadas a achegar recursos para os seus fins.
- 7.3. Adquirir e posuír bens de toda clase e por calquera título, así como celebrar actos e contratos de todo tipo.

7.4. Promover a prestación de servizos relacionados cos seus fins.

7.5. Constituír un Comité Técnico/Científico para o seu asesoramento naqueles temas que estime conveniente.

## CAPÍTULO TERCEIRO

### ÓRGANO DE GOBERNO



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES  
ESTATUTOS VISADOS

Artigo 8. Os órganos reitores de FAGAL son a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

#### *Da Asemblea Xeral*

Artigo 9. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de FAGAL. Estará integrada e constituída por dous membros de cada asociación con voz e voto. Presidente (ou persoa delegada) e outro membro elixido por cada unha das asociacións integrantes da Federación. Calquera membro das asociacións federadas poderá asistir á Asemblea Xeral como oínte (sen voz nin voto).

Artigo 10. A Asemblea Xeral reúne-se unha vez ao ano en sesión Ordinaria no primeiro semestre do ano para aprobar a xestión da Xunta Directiva e o estado de contas de ingresos e gastos correspondentes ao exercicio anterior, así como a previsión de orzamentos e o plan xeral de actuación da Federación para o exercicio seguinte.

Artigo 11. Ademais do disposto no artigo anterior, son competencia da Asemblea Xeral Ordinaria os acordos relativos a :

11.1. A elección da Xunta Directiva e a revogación dos cargos.

11.2. Coñecer e resolver os temas que á súa consideración someta a Xunta Directiva.

11.3. Fixar as cotas ordinarias ou extraordinarias.

11.4. Acordar a remuneración (dietas), cando cumpra, dos membros dos órganos de representación, tal e como se indica no artigo 18.

11.5. Separación dos socios a proposta da Xunta Directiva.

11.6. Calquera que non sexa competencia exclusiva da Asemblea Extraordinaria.

Os acordos tómanse por maioría.

Artigo 12. Os acordos que se tomen na Asemblea Xeral Extraordinaria serán por maioría absoluta dos presentes ou representados, agás nos seguintes casos:

12.1 A modificación dos Estatutos.

12.2. A confederación ou desconfederación con outras federacións.

12.3. A disolución da Federación.

12.4. O cambio de domicilio fóra da cidade fixada nestes estatutos.

12.5. A disposición ou alleamento de bens inmoables.

Nestes casos os acordos tomaranse por maioría de dous terzos das asociacións federadas presentes ou representadas.

Artigo 13. A Asemblea Xeral reúne en sesión ordinaria ou extraordinaria cando o acorde a Xunta Directiva por propia iniciativa ou cando o soliciten a maioría absoluta das asociacións federadas, indicando os motivos da solicitude.

Artigo 14. As convocatorias das Asembleas Xerais, sexan ordinarias ou extraordinarias, serán realizadas polo/a Secretario/a en nome do/a Presidente da xunta Directiva en escrito enviado por correo certificado, indicando lugar, data e hora da reunión, así como a Orde do Día. Nas Asembleas Xerais Ordinarias o prazo que debe mediar entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración ten que ser polo menos de quince días; no caso das Asembleas Xerais Extraordinarias dito prazo non pode ser inferior a 2 días

Artigo 15. A Asemblea Xeral estará validamente constituída en primeira convocatoria cando estea presente ou representado algún dos representantes da metade máis unha das asociacións federadas e, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asociacións presentes. Entre a primeira e a segunda convocatoria debe media un prazo mínimo de media hora.

Artigo 16. Actuarán como Presidente e Secretario da Asemblea os que nese momento o sexan da Xunta Directiva da Federación. En caso de ausencia, actuarán como tales os que designe a Asemblea. En calquera dos casos désígnanse ao comezo da sesión.

Artigo 17. Os membros da Asemblea con dereito a voto poden delegar a súa representación noutro membro con voto da mesma asociación. Cada membro só poderá levar un voto delegado. Esta delegación será por escrito, facendo constar o número de DNI e entregándoa ao Secretario/a da Asemblea ao comezo desta.

*Da Xunta Directiva*



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES  
ESTATUTOS VISADOS

Artigo 18.

18.1. A Xunta Directiva é o órgano de goberno de FAGAL con plenitude de funcións representativas, directivas e executivas.

18.2 A Xunta Directiva consta dun mínimo de cinco membros e un máximo de sete.

- Presidente/a.
- Vicepresidente/a primeiro/a.
- Vicepresidente/a segundo/a.
- Secretario/a.
- Tesoureiro/a.
- Vogais (tantos como se estime oportuno)

A Xunta Directiva será elixida democraticamente por votación dos membros da Asemblea Xeral mediante candidaturas pechadas que especifiquen tódolos seus membros, e a súa responsabilidade terá unha duración de tres anos, podendo ser reelixida. A Vicepresidencia 1ª e 2ª estarán ostentadas por membros de distintas asociacións que a do Presidente e de diferentes asociacións entre si. Así mesmo, os cargos de Tesourería e Secretaría e vogais.

No caso de que non se presente ningunha candidatura, a Presidencia será exercida de xeito rotatorio por un período de dous anos polas distintas asociacións federadas, seguindo unha orde de antigüidade na Federación. A Tesourería e a Secretaría serán exercidas pola mesma asociación á que lle corresponde a Presidencia. A Vicepresidencia recaerá na asociación á que lle corresponda a Presidencia no período seguinte. O número de vogalías virá determinado pola necesidade de garantir a presenza na Xunta Directiva de tódalas asociacións federadas.

18.3. A Xunta Directiva reunirse polo menos cada catro meses e sempre que o esixa o bo funcionamento da Federación, ou a solicitude da Presidencia ou dunha terceira parte dos membros, con orde de día fixada e comunicada cunha semana de antelación polo menos.

18.4. Para que os acordos da xunta Directiva sexan válidos requírese a presenza da maioría dos seus membros.

18.5. O exercicio de calquera cargo de FAGAL realízase de forma gratuíta. A Xunta Directiva poderá acordar o aboamento de dietas, se se estima procedente.

18.6. A falta de asistencia dos membros da Xunta Directiva ás reunións sinaladas por dúas veces consecutivas ou catro alternas, sen causa xustificada, dará lugar á destitución no cargo respectivo.

18.7. As vacantes que se puidesen producir durante o mandato de calquera dos membros da xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre os devanditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIÓNS  
ESTATUTOS VISADOS

Artigo 19. Son competencias da Xunta Directiva:

19.1 Convocar e fixar a data da Asemblea Xeral, así como confeccionar a Orde do Día respectiva.

19.2. Dirixir a xestión ordinaria de FAGAL, conforme ás directrices da Asemblea Xeral e baixo o seu control.

19.3. Programar as actividades que se van desenvolver acordadas por maioría.

19.4. Someter a aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior e a xestión realizada.

19.5. Atender as propostas e recomendacións formuladas polos socios, adoptando a este respecto as medidas necesarias.

19.6. Calquera outra non atribuída á Asemblea Xeral.

19.7. Informar de tódalas actividades levadas a cabo.

## CAPÍTULO CATRO

### CARGOS UNIPERSOAIS

Artigo 20. A Presidencia de FAGAL asume a representación legal da mesma, correspondéndolle as competencias non reservadas expresamente á Xunta Directiva ou á Asemblea Xeral.

Artigo 21. Son competencia da Presidencia as seguintes:

21.1. Convocar e presidir as sesións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral, dirixindo as deliberacións e impulsando o traballo dos órganos unipersoais e da Xunta Directiva no seu conxunto. En caso de empate nas votacións, decide co seu voto de calidade.

21.2. Representar legalmente a FAGAL ante as autoridades, tribunais e entidades, públicas e privadas.

21.3. Ordenar coa súa sinatura e a da persoa responsable da Tesourería ou da Secretaría os pagamentos acordados validamente. Visar as certificacións expedidas pola Secretaría e calquera clase de libramento, así como subscribir coa Secretaría as actas da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral.

21.4. Resolver as cuestións de carácter urxente, dando conta á Xunta Directiva na primeira reunión que se celebre.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES  
ESTATUTOS VISADOS

Artigo 22. Correspóndelles á Vicepresidencia 1ª e 2ª:

22.1. Substituír á Presidencia en caso de ausencia, enfermidade ou vacante.

Artigo 23. Correspóndelle á Secretaría:

23.1. Custodiar a documentación oficial da entidade, certificar o contido dos libros e arquivos e tramitar ante a autoridade as comunicacións preceptivas conforme á lexislación vixente.

23.2. Levar o ficheiro e o libro de rexistro de socios, así como a redacción das actas das reunións.

23.3. Expedir certificacións con referencia a libros e documentos da Federación co visto e prace da Presidencia.

23.4. Exercer a coordinación xeral da organización técnico-administrativa de FAGAL.

23.5. Asinar, se é o caso, os libramentos necesarios, en conformidade coa Presidencia.

Artigo 24. Correspóndelle á Tesourería:

24.1. Recadar os fondos da Federación, custodialos e facer uso dos mesmos segundo determine a Xunta Directiva.

24.2. Levar a contabilidade de FAGAL, facer os pagamentos e elaborar as contas e orzamentos.

24.3. Darlle conta periodicamente á Xunta Directiva do estado de fondos.

24.4. Asinar, se é o caso, os libramentos necesarios, en conformidade coa Presidencia.

Artigo 25. Correspóndelles ás Vogalías:

25.1. Formar parte das comisións que se establezan.

25.2. Actuar por delegación de calquera membro da Xunta Directiva, en caso necesario.

25.3. Participar no goberno da Federación en cantos asuntos lles encomende a Presidencia ou a Xunta Directiva.

## CAPÍTULO QUINTO

### DEREITOS E DEBERES DAS ASOCIACIÓNS FEDERADAS

Artigo 26. Toda asociación ten dereito a :

26.1. Participar, conforme aos presentes estatutos, nos órganos de goberno da Federación, asumindo e cumprindo con dilixencia as obrigacións que se derivan.

26.2. Coñecer a identidade das asociacións federadas, o estado de ingresos e gastos da Federación e o desenvolvemento das actividades.

26.3. Incentivar a participación dos socios da propia asociación na Asemblea Xeral da Federación e o desenvolvemento das actividades.

26.4. Impugnar os acordos e actuacións contrarios á lei e aos estatutos.

26.5. Ser oída por escrito con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias e informada das causas que as motivaron, que só se poden referir ao incumprimento dos seus deberes como asociación federada.

Artigo 27. As asociacións teñen o deber de:

27.1. Participar activa e efectivamente nos fins da Federación.

27.2. Contribuír ao pagamento dos gastos orixinados mediante o aboamento das cotas que se establezan.

27.3. Acatar e cumprir os presentes Estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos reitores da Federación.

Artigo 28. A condición de socio da Federación pódese perder polas seguintes causas:

28.1. Por disolución da Federación.

28.2. Por separación voluntaria.

28.3. Por sanción, acordada pola Asemblea Xeral.

Artigo 29. O incumprimento deliberado e reiterado dos deberes emanados dos presentes Estatutos e dos acordos adoptados validamente pola Asemblea Xeral ou pola Xunta Directiva levará consigo a perda, temporal ou indefinida, da condición de socio. A Xunta Directiva realizará a proposta de sanción, que será sempre motivada e presentada á Asemblea Xeral para a súa aprobación.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES  
ESTATUTOS VISADOS

## CAPÍTULO SEXTO

### RÉXIME ECONÓMICO



Artigo 30. A Federación carece de patrimonio fundacional. O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

Artigo 31. Os recursos económicos previstos pola Federación para cumprimento dos seus fins son:

- a) As cotas de entrada que sinale a Xunta Directiva.
- b) As cotas periódicas que acorde esta.
- c) Os produtos e rendas dos bens e dereitos que lle correspondan, así como os subsidios, legados e doazóns que poida recibir de forma legal.
- d) Os ingresos obtidos mediante a prestación de servizos ou a realización de actividades lícitas, sempre dentro dos fins estatutarios.
- e) As subvencións, doazóns e outras contribucións que reciba de particulares ou entidades públicas.

Artigo 32. As subvencións, doazóns e demais contribucións que se realicen por parte da Administración, institucións públicas ou privadas e individuos particulares a beneficio de FAGAL serán destinadas a actividades propias da Federación ou distribuídas entre as asociacións integradas segundo acordo da Xunta Directiva.

## CAPÍTULO SÉTIMO



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES  
ESTATUTOS VISADOS

## DISOLUCIÓN

Artigo 33. FAGAL disolverase por vontade dos socios, expresada en Asemblea Extraordinaria convocada para ese efecto, co voto favorable dos dous terzos dos asistentes.

Artigo 34. No caso de acordarse a disolución, a Asemblea Xeral que acordou a medida nomeará unha Comisión liquidadora, extraída da Xunta Directiva, para que proceda a liquidación de todas as responsabilidades económicas e sociais da Federación, si as houbera. O patrimonio resultante, si lo existise, destinarase na súa totalidade a entidades consideradas como entidades beneficiarias ao Mecenazgo a os efectos previstos nos artigos 16 ao 25, ambos inclusive, da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de Réxime das Entidades Sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenazgo, nas que primarán as entidades que compartan os fines estatutarios de la Federación e senón entregado a unha institución dedicada á atención de enfermos psíquicos con Alzheimer e outras demencias.

### Disposición final primeira:

A Asemblea Xeral poderá aprobar un regulamento de Réxime Interno para o desenvolvemento dos presentes estatutos. En ningún caso, poderá alterar as disposicións aquí recollidas.

### Disposición final segunda:

A interpretación destes Estatutos correspóndelle á Xunta Directiva en conformidade coas disposicións legais vixentes.

En Santiago de Compostela a 9 de xuño de 2018

DILIXENCIA

Don Juan Carlos Rodríguez Bernárdez, presidente, e José Manuel Fontenla Redondo, secretario da FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN GALEGAS DE FAMILIARES DE PERSOAS CON ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA - FAGAL), fan constar que os presentes estatutos están redactados coa inclusión das modificacións acordadas en Asemblea Xeral celebrada o 9 de xuño de 2018, de acordo cos requisitos establecidos na LO 1/20102, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e seguindo o procedemento previsto nos seus estatutos.



TRIBUNAL CENTRAL DE ASOCIACIONES  
ESTATUTOS VISADOS

En Santiago de Compostela a 9 de xuño de 2018

**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,**  
**ADMINISTRACIONES PÚBLICAS E XUSTIZA**  
**MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS**

Quedan VISADOS e incorporados ó Rexistro Central desta  
Comunidade Autónoma, nº de Rexistro Asociación, 1998-2-2a

Santiago de Compostela

07 FEB. 2019

O/A ENCARGADO/A DO REXISTRO

P.A. José Ramón Pardo Cabras